



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	As Linguas Románicas		Código	613G02034
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoxía Española e Latina			
Coordinación	Sanchez Palomino, Maria Dolores	Correo electrónico	maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es	
Profesorado	Sanchez Palomino, Maria Dolores	Correo electrónico	maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es	
Web	campus.virtual.udc.es/guiadocente			
Descrición xeral	Estudo conxunto e individualizado das linguas que compoñen a familia románica.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a familia de linguas románicas e a súa especificidade con respecto a outras familias lingüísticas e á lingua latina.	A13	B5 B8	
Coñecer o proceso de formación das linguas románicas.		B5	
Coñecer a distribución xeográfica e o número de falantes de cada unha das linguas románicas.		B5 B8	
Coñecer a historia externa de cada unha das linguas románicas.	A27 A28	B5	
Coñecer a situación sociolingüística e o proceso de estandarización, no seu caso, de cada unha das linguas románicas.	A23 A24 A27 A28	B5 B7 B8	C4
Coñecer a descrición lingüística de cada unha das linguas románicas.	A27 A28	B5	
Coñecer as variedades dialectais de cada unha das linguas románicas.	A25 A26	B5 B8	
Coñecer a tradición escrita de cada unha das linguas románicas.	A7 A27 A28	B5	
Saber identificar os trazos de cada unha das linguas románicas.	A14 A15	B3 B5 B7 B8	
Saber identificar os elementos comúns e diferenciais das linguas románicas e destas con respecto ao latín.	A13 A14 A15	B3 B8	
Apreciar a importancia da familia de linguas románicas.		B5 B7 B8	C6



Apreciar a diversidade lingüística e cultural.		B5 B8	
Coñecer e saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información específicos no estudo das linguas románicas.		B1 B2 B3	C3 C6
Apreciar a importancia do coñecemento da familia de linguas románicas para o estudo concreto de cada unha desas linguas e da súa literatura.		B3 B5 B7 B8	C6
Coñecer posibles liñas de investigación no ámbito das linguas románicas tanto no seu conxunto coma de forma individualizada.	A14 A15	B5 B6 B7 B9	C6 C8
Saber identificar as fases e os problemas que comporta todo proceso de estandarización lingüística.	A15 A24	B7	
Saber identificar e tratar os factores que poñen en risco a supervivencia lingüística e aqueles que a posibilitan.	A12 A15 A24	B7 B10	C4 C6
Ser capaz de analizar un texto en calquera lingua románica.	A1 A2 A7 A15	B5 B7	
Ser capaz de identificar os trazos dialectais das linguas románicas.	A15 A25 A26	B5 B8	
Saber contextualizar calquera trazo ou problema dunha lingua románica no marco global da familia e poñelo en relación coa situación noutras linguas románicas.	A1 A14 A15	B5 B6 B7 B8	C6
Saber contextualizar calquera xénero literario no ámbito románico.	A7 A14 A15	B5 B7	C6
Saber recoñecer calquera discurso oral en lingua románica.	A1 A15	B7	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A familia de linguas románicas.	1.1. Orixe. 1.2. Linguas que a compoñen. 1.3. Especificidade fronte a outras familias lingüísticas e fronte ao latín. 1.4. Importancia da familia de linguas románicas.
2. A clasificación das linguas románicas.	2.1. Diversidade de criterios e clasificacións.
3. A formación das linguas románicas.	3.1. Factores que determinaron a formación. 3.2. Cronoloxía da formación.



<p>4. Estudo individualizado das linguas románicas: localización, historia externa, descrición lingüística, variación dialectal, situación sociolingüística, proceso de estandarización e tradición escrita.</p>	<p>4.1. As linguas iberorrománicas.</p> <p>4.1.1. O galego.</p> <p>4.1.2. O portugués.</p> <p>4.1.3. O asturleonés.</p> <p>4.1.4. O castelán.</p> <p>4.1.5. O aragonés.</p> <p>4.1.6. O catalán.</p> <p>4.1.7. O mozárabe.</p> <p>4.2. As linguas galorrománicas.</p> <p>4.2.1. O francés.</p> <p>4.2.2. O occitano.</p> <p>4.2.3. O francoprovenzal.</p> <p>4.3. As linguas retorrománicas.</p> <p>4.3.1. O romanche.</p> <p>4.3.2. O ladino.</p> <p>4.3.3. O friulano.</p> <p>4.4. As linguas italo-románicas.</p> <p>4.4.1. O italiano.</p> <p>4.4.2. O sardo.</p> <p>4.4.3. O caso do corso.</p> <p>4.5. As linguas iliriorrománicas.</p> <p>4.5.1. O dálmata ou dalmático.</p> <p>4.6. As linguas balcanorrománicas.</p> <p>4.6.1. O romanés.</p>
<p>5. Os creoulos de base románica e linguas 'mixtas'.</p>	<p>5.1. Descrición e situación sociolingüística.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	2	24	26
Sesión maxistral	21	0	21
Traballos tutelados	0	17	17
Lecturas	0	15	15
Recensión bibliográfica	0	14	14
Análise de fontes documentais	9	9	18
Atención personalizada	1.5	0	1.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Realización por parte do alumno dunha proba escrita con preguntas de diferente tipo sobre o temario do curso.
Sesión maxistral	Clases teórico-prácticas impartidas pola profesora.
Traballos tutelados	Traballo que o alumno deberá realizar individualmente baixo a tutela da profesora e entregarlle por escrito.
Lecturas	Realización de lecturas de fontes bibliográficas con carácter obrigatorio.
Recensión bibliográfica	Elaboración de recensión(s) da(s) lectura(s) obrigatoria(s) pautada(s) que deberá(n) ser entregada(s) á profesora.
Análise de fontes documentais	Análise de textos orais e escritos en diferentes linguas románicas que se realizarán na clase.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Traballos tutelados	A atención personalizada variará en función da metodoloxía: terá un carácter máis colectivo no caso das prácticas a través de TIC e na análise de fontes documentais e será individualizada no caso da presentación oral e do traballo tutelado.

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Valorarase a corrección e o grao de profundizamento nas respostas, segundo o requirido en cada caso, así como a corrección lingüística. O caso dos estudantes Erasmus será obxecto de consideración especial, aínda que se esixirá igualmente un mínimo de corrección.	40
Sesión maxistral	Terase en conta a asistencia ás clases e a participación activa nelas.	10
Traballos tutelados	Avaliarase a corrección e profundamento na información proporcionada, a presentación do texto escrito e a corrección lingüística (v. o apartado relativo á proba mixta).	40
Recensión bibliográfica	Valorarase a correcta comprensión do texto obxecto de lectura, a capacidade de análise e síntese, a corrección na presentación do texto escrito e a expresión lingüística (v. supra).	10

## Observacións avaliación

Se durante o curso se programase algún evento científico ou cultural que a profesora considerase de interese para o alumnado, a participación nel podería pasar a computar na avaliación, o que comportaría unha pequena reestruturación das porcentaxes sinaladas.

O alumno será obxecto de avaliación se realiza dúas actividades avaliáveis (proba, traballo ou recensión), aínda que non se presente á proba escrita.

Para ser considerado aprobado na primeira oportunidade, o alumno deberá realizar como mínimo dúas das tres actividades propostas e obter conxuntamente nelas un 6 ou máis (non se poderá facer media se obtén nalgunha unha nota inferior ao 3), así como obter un mínimo de 4 puntos na proba mixta.

Na segunda oportunidade, o alumno deberá completar a entrega das actividades non realizadas; se o carácter da proba non o permite (presentación oral), deberá realizar outra actividade similar que será indicada pola profesora. O resto das condicións serán similares ás da primeira oportunidade.

O sistema de avaliación será obxecto de adaptación para os alumnos con dispensa académica. En virtude da diversidade de situacións posibles, no seu momento, de darse o caso, indícase o sentido desta adaptación, de modo que aquelas sesións, probas etc. nas que non poidan participar sexan compensadas con outras.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Teyssier, P. (2004). Comprendre les langues romanes. Du français à l'espagnol, au portugais, à l'italien et au roumain. Méthode d'intercompréhension. Paris: Chandeigne</li> <li>- Wartburg, W. von (1979). La fragmentación lingüística de la Romaniai. Madrid: Gredos</li> <li>- Posner, R. (1998). Las lenguas romances. Madrid: Cátedra</li> <li>- Wright, R. (1989). Latín tardío y romance temprano. Madrid: Gredos</li> <li>- Fradejas Rueda, J. M. (2010). Lenguas románicas. Madrid: Arco Libros</li> <li>- Gargallo, J. E. (1994). Les llengües romàniques. Barcelona: Empuries</li> <li>- Holtus, G., M. Metzeltin &amp; Chr. Schmidt (eds.) (1986 ss.). Lexikon der Romanistischen Linguistik. Tübingen: Niemeyer</li> <li>- Tagliavini, C. (1973). Orígenes de las lenguas neolatinas. México: Fondo de Cultura Económica</li> <li>- Camprubi, M. (1999). Questions de linguistique romane contrastive: espagnol, catalan, français. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail</li> <li>- Elcock, W. D. (1960). The Romance Languages. New York: Macmillan</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías